



## Concello de Guitiriz

**Anuncio nº2 do Tribunal de selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre (OEP de 2017 e 2019, estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018, e art. 28 LEPG). Expte: 889/2019.**

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 30-09-2020 ACORDOU:

1º.- Contestar as alegacións presentadas contra a baremación provisional de méritos no seguinte sentido:

-Luis Tella Neira: Aporta a tarxeta CAP que non se valorou polo Tribunal por non verse o reverso da mesma, polo que puntúase con 4 puntos nese apartado, obtendo unha puntuación total de 14,7 puntos.

-Horacio Prado Miragaya: Alega que non se lle puntuou o Celga 4 que aportou coa solicitude e que volve a aportar, e que a puntuación no apartado de experiencia noutras administracións públicas en postos similares debe ser de 20,40 en vez de 9,2 porque ten en total 102 meses traballados (x 0,20 pts), e a puntuación total de 30,40 puntos. Aceptanse as alegacións e corríxense as puntuacións xa que dita documentación constaba no expediente e non valorouse correctamente.

-Julio Alberto Aldrei Bao. Alega que se revise o tempo traballado e a formación, indicando debe ter 15.6 puntos de experiencia e 10.42 puntos de formación, cunha puntuación total de 26.02 puntos. Acéptanse parcialmente as alegacións no seguinte sentido:

Formación: non valorouse por erro o Celga 4 (2 puntos). Os cursos de Plataformas elevadoras, Risco eléctrico e Poda non se valoran por non ser cursos oficiais de acordo co que establecen as bases da convocatoria. O resto de cursos valóranse por cada 10 horas completas, sen decimais, polo que a puntuación en formación é de 9.4 puntos co seguinte desglose: Cursos: 3.4, Celga 4: 2, CAP: 4.

Experiencia (0.20, postos similares): Valorase con 4.2 puntos os servizos no Concello de Guitiriz, 3.8 puntos os servizos no Concello de Padrón, 1 punto os servizos no Concello de Muros, 2 puntos os servizos no Concello de Noia, e 1.2 puntos os servizos no Concello de Teo. Non se valoran os servizos como conserxe-limpador no concello de Castro de Rei porque non é un posto similar de acordo co establecido nas bases. Non se valoran os servizos no Concello de Melide porque non consta contrato o certificado do posto desenvolvido, non sendo suficiente a vida laboral xa que non especifica o posto desenvolvido. A puntuación total no apartado de experiencia é de 12.2, e a puntuación total de méritos de 21.6 puntos.

## Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





## Concello de Guitiriz

2º.- Publicar na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello os seguintes resultados definitivos na fase de concurso de méritos:

Aspirante	Experiencia profesional (p. máxima 30 puntos)			Formación (puntuación máxima 10 puntos)			Total (max 40 ptos)
	Mes C. Guitiriz (0,50 ptos)	Mes noutras Admons no mesmo posto (0,25 ptos)	Mes noutras Admons en posto similar (0,20 ptos)	Cursos (0,1 ptos cada 10 horas) – Máx. 4 ptos	CAP (4ptos) Másters ou e. superiores (1 pto cada 100 horas) – Máx. 4 ptos	Celga 4/eq. ou superior: 2 ptos Celga 3/eq.: 1 pto	
Aldrei Bao, Julio Alberto			12.2	3.4	4	2	21.6
Ares Bello, Andrés	3		16	2.1	4	2	27.1
García Gómez, José Manuel			7.2	3.2	4	2	16.4
García Varela, Pablo	6		30	4	4		38
Iglesias García, Josefa			28.8	4	4	2	38.8
Otero Fernández, Boris			4.8	4		2	10.8
Pérez Hermida, Francisco Juan	3.5		5.6	0.3	4	2	15.4
Porto Prieto, Alberto	3		2.8		4		9.8
Prado Miragaya, Horacio			20.4	4	4	2	30.4
Roca Seijido, Ramón	13.5		30	4	4	2	40
Salgueiro Novo, José Carlos	9.5		3	4	4		20.5
Taboada Morandeira, María Jesús	2		23.60	4	4	2	36
Tella Neira, Luis			7.8	1.9	4	1	14.7
Varela Pichín Manuel			0.6	1.8		2	4.4
Vázquez Ares, Manuel	13.5		30	4	4	2	40

3º.- A vista do Decreto de alcaldía polo que se retrasa a data das probas previstas para o día 29/10/2020, o Tribunal decide reunirse o día 28/10/2020 para a preparación das probas.

## Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





## Concello de Guitiriz

---

Documento asinado electrónicamente

O secretario do Tribunal  
Rafael del Barrio Berbel  
Secretario do Concello de Guitiriz

---

**Concello de Guitiriz**

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9TLCJ3386TYPGZQ3HYR09WZPM | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3